



NARÓN

Datos Do Expediente:

| | |
|--------------------------------------|------------|
| PROCEDEMENTO ABERTO | |
| Unidade Tramitadora: | |
| Contratacion e Obras Publicas – SMBM | |
| Número expediente: | Documento: |
| CON/18/2013 | CONXI0CK |
| 6C2V0Z223868410C06L5 | |
| | |

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE NARÓN

Na Sala de Xuntas, ás doce horas do día 1 de outubro de 2013, constitúese a Mesa de Contratación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de “Axuda no Fogar do Concello de Narón”, quedando integrada por:

Preside o acto: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente.

Secretario da Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación

Vogais: D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral; D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental Municipal; D. Alfonso Filgueira López, Xefe do Servizo Sociocomunitario; Dna. Dna. Catalina M^a García Blanco, Concelleira delegada para asuntos relacionados cos servizos de integración social.

A Mesa procede a analizar a documentación presentada polas empresas co seguinte resultado:

PROPOSICIÓN Nº1.- EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.: Presenta a documentación administrativa correctamente.

PROPOSICIÓN Nº 2.- CLECE, S.A. Presenta a documentación administrativa correctamente.

PROPOSICIÓN Nº 3.- INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA, S.A.U. (INGESAN):

O certificado que presenta da empresa GENERALI ESPAÑA S.A., sobre a existencia e contratación dunha póliza de Responsabilidade Civil, non se atopa en vigor, polo que deberá presentar xustificante da existencia dun seguro por riscos profesionais en vigor, o cal deberá cubrir a actividade que se pretende realizar ou contratar. Todo isto para acreditar a solvencia económica establecida na cláusula 13.1.G (apartado primeiro) do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non presenta a relación dos principais servizos ou traballos semellantes realizados no curso dos últimos tres anos, para acreditar a solvencia técnica, segundo se especifica na cláusula 13.1.G (apartado segundo) do prego de cláusulas administrativas particulares,



Pola Mesa de contratación acórdase conceder ao presentador da proposición N° 3, INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA, S.A.U. (INGESAN), un prazo de tres días para que presenten os documentos precisos para a subsanación correspondente, de non presentarse a documentación esixida, esta fose errónea, ou non cumprise co establecido no prego de condicións, esta non serán admitidas.

Celebrarase unha nova sesión ao día seguinte hábil á expiración do prazo concedido para o arranxo de erros na documentación, co gallo de proceder a determinar as empresas admitidas á licitación e posterior apertura do sobre "B".

Sendo as trece horas deuse por rematado o acto, do que como Secretario dou fe, na data indicada no encabezamento, estendéndose esta acta que asina en proba de conformidade o Sr. Presidente da Mesa.